

VECIÑANZA SOLICÍTALLE AO CONCELLO DE CUNTIS QUE ACOMETA MEDIDAS DE SEGURIDADE VIAL NA ZONA DO ESPADENAL

- *O Espadenal (rúas Olimpio Arca e Xohán Xesús González) é a zona residencial que conta con máis veciños/as e establecementos comerciais de Cuntis, e onde se sitúa tamén o Centro de Saúde.*
- *Veciñanza trasladou ao pleno a demanda dos veciños/as dunha intervención integral que mellore as carencias en materia de seguridade, accesibilidade e limpeza.*
- *Existe preocupación entre os pais e nais debido á gran velocidade á que en ocasións circulan os coches por unha zona na que adoita haber moita presenza de nenos e nenas.*

Cuntis, 3 de outubro de 2020

Un dos asuntos que Veciñanza trasladou ao pleno do pasado xoves, 1 de outubro, foi a **necesidade de adoptar medidas de seguridade vial na zona do Espadenal**. Así o expuxo o voceiro municipal da agrupación, Santi Martínez, que deu conta no pleno das demandas que varios pais e nais residentes nas rúas Olimpio Arca e Xohán Xesús González lles manifestaron. O Espadenal é o lugar de Cuntis no que residen máis persoas, no que está situado o centro de saúde, dous parques infantís e moitos negocios, polo que son as rúas que máis movemento de persoas e vehículos concentran todos os días. Ademais, é frecuente a presenza de nenos e nenas, así como de persoas maiores que durante a semana acoden ao centro de saúde.

As queixas dos residentes fan fincapé na presenza de vehículos que en ocasións circulan a velocidades excesivas e o risco que iso comporta, con especial preocupación polos cativos e cativas. Así llo trasladaron nas últimas semanas a varios membros da Corporación Municipal, sendo Veciñanza quen elevou o asunto para a súa toma en consideración por parte do grupo de Goberno. Así como existen noutras zonas do casco urbano, as rúas do Espadenal (Olimpio Arca e Xohán Xesús González) non contan con ningún dispositivo que obrigue á redución de velocidade, tales como elevacións dos pasos de peóns, bandas sonoras ou outros similares. Ademais, as queixas dos veciños e veciñas esténdense ao mal estado dalgunhas beirarrúas e ás carencias na limpeza. A zona residencial que conta con máis veciños/as de Cuntis precisa dunha **intervención integral que mellore tanto a seguridade vial, como a accesibilidade, a limpeza e o resto de deficiencias que presenta O Espadenal**, tal e como expuxo o voceiro de Veciñanza no pleno do pasado 1 de outubro.

A competencia nesta materia é do Concello de Cuntis, polo que a esixencia de actuacións que reclaman moitos/as residentes debера ser unha prioridade para o grupo de Goberno.

